



ESTATUTOS DA FUNDACIÓN PRAZA PÚBLICA

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.—Denominación e natureza

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de "*Fundación Praza Pública*" constitúese unha organización de natureza fundacional privada, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Artigo 2.—Personalidade e capacidade

1.—Unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, a Fundación terá personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

2.—Con carácter meramente enunciativo e non limitativo, e sen prexuízo das pertinentes autorizacións do Protectorado, a Fundación poderá adquirir, conservar, posuír, dispoñer, allear e gravar toda clase de bens mobles, inmobles e dereitos, así como realizar todo tipo de actos e contratos; recibir e reembolsar préstamos; transixir e acudir á vía administrativa ou xudicial no exercicio de toda clase de accións e excepcións ante organismos públicos e privados, xulgados e tribunais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3.—Réxime

1.—A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida. Porén, se nalgún momento os fins propios da fundación se estimasen cumpridos, ou fose imposible a súa realización, o padroado poderá acordar a



AU4040301

08/2011

extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.

2.-A Fundación rexeráse polos presentes estatutos, polos regulamentos que regulen a súa organización, funcionamento e ordenación das diferentes actividades, así como polas disposicións legais que lle sexan aplicables; en concreto, pola Lei 12/2006, de 1 de decembro, das Fundacións de interese galego e o Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento das Fundacións de interese galego.

3.-Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións; do Regulamento de Fundacións de competencia estatal, aprobado polo Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado; do Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, aprobado polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro; así como polas demais disposicións legais de dereito civil, mercantil, laboral ou administrativo que sexan de aplicación.

Artigo 4.-Domicilio

1.-O domicilio da Fundación radicará na rúa Barcelona nº 38, 4º D, da cidade da Coruña.

2.-Non obstante o sinalado, os órganos da Fundación poden celebrar validamente sesións e reunións en calquera localidade e edificio habilitado ao efecto cando así se acorde por unanimidade.

3.-O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao protectorado, na forma prevista na lexislación vixente.

Artigo 5.-Ámbito de actuación

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma Galega, sen prexuízo de poder acometer actuacións fóra de Galicia cando estas teñan por obxecto a consecución de fins de interese galego relacionados co seu obxecto fundacional.



TÍTULO II

OBJECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 6.-Fins e actividades fundacionais

1.-A Fundación ten por finalidade o fomento da información e o debate públicos como forma de contribución ao exercicio cívico da cidadanía galega, ben como a promoción da cultura galega.

2.-Para o cumprimento deste fin, a Fundación desenvolverá, na medida das súas posibilidades económicas e de acordo cos programas concretos que en cada caso probe o Padroado, as seguintes actividades:

- a) Actividades dirixidas á creación, coñecemento e difusión da cultura galega, especialmente a través da comunicación pública en calquera dos seus soportes.
- b) Promoción do estudio, defensa, creación e desenvolvemento dun espazo cultural e comunicativo propio en Galicia.
- c) Organización, colaboración e participación en actividades encamiñadas á promoción dos valores constitucionais mediante o exercicio da liberdade de expresión e comunicación, ben como do pluralismo informativo.
- d) Colaboración con institucións e empresas públicas e privadas.
- e) Tramitación diante das institucións das correspondentes solicitudes de subvencións, axudas, etc, así como a xestión de doazóns, convenios de colaboración, contratos de patrocinio, etc, que acheguen recursos para o cumprimento dos fins fundacionais.
- f) Exercicio das actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias á actividade principal.
- g) Calquera outra actuación que, directa ou indirectamente, contribúan ao cumprimento da súa finalidade.



AU4040300

08/2011

Artigo 7.-Liberdade de actuación

1.-O Padroado determinará as concretas actividades da Fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

2.-O desenvolvemento dos fins da Fundación poderán efectuarse, de entre outros modos posibles, do seguinte xeito:

- a) Pola Fundación directamente, en instalacións propias ou alleas.
- b) Creando ou cooperando á creación doutras entidades de natureza asociativa, fundacional ou societaria.
- c) Participando ou colaborando co desenvolvemento de actividades doutras entidades, organismos ou institucións ou persoas de calquera clase, físicas ou xurídicas, que dalgún xeito poidan servir aos fins perseguidos pola Fundación.

TÍTULO III

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 8.-Destino das rendas e ingresos

1.-Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinada, polo menos, a porcentaxe que en cada momento determine a normativa vixente, das rendas ou calquera outro ingreso neto que obteña a Fundación, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, debéndose destinar o resto a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación fundacional.

2.-Os recursos da Fundación entenderanse adscritos á realización dos fins fundacionais, agás no caso de que os bens lle sexan transmitidos para unha



finalidade determinada, en cuxo caso entenderanse afectos á realización dos obxectivos que o transmitinte establecera.

Artigo 9.-Beneficiarios

1.-Serán beneficiarios da Fundación as persoas físicas e xurídicas que reúnan as condicións seguintes:

- a) Con carácter principal, os cidadáns galegos, con veciñanza en Galicia ou na diáspora.
- b) Administracións públicas galegas, estatais, dos Estados membros da Unión Europea, dos Estados latinoamericanos e dos Estados membros da CPLP (Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa).
- c) As corporacións de dereito público, asociacións e Fundacións cuxo ámbito de actuación sexa a Comunidade autónoma galega.

2.-Excepcionalmente, o Padroado poderá estender motivadamente o carácter de beneficiario a outras persoas que sexan acreedoras ás prestacións da Fundación en atención aos seus méritos, capacidade, necesidade ou conveniencia.

3.-Cando a Fundación esixa aos seus beneficiarios o abono dalgunha cantidade polos servizos que preste, a determinación dos beneficiarios deberase realizar exclusivamente polo pagamento ou abono da cantidade correspondente.

4.-Cando da propia natureza dos servizos prestados pola Fundación se derive a necesidade de limitar o número dos seus beneficiarios, a determinación e selección destes realizarase con carácter irrevogable polo Padroado da Fundación, tendo presentes os méritos, necesidades, capacidade económica e posibilidade de aproveitamento polos distintos aspirantes ou outras características obxectivas, imparciais e non discriminatorias, que serán en todo caso publicitadas con anterioridade.

5.-En todo caso, ninguén poderá alegar, nin individual nin colectivamente, fronte á Fundación ou aos seus órganos, o goce dos devanditos beneficios antes de que fosen concedidos, nin impoñer a súa atribución a persoas determinadas.



AU4040299

08/2011

6.-A Fundación informará suficientemente das súas finalidades e actividades para que poidan ser coñecidas polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados, especialmente pola súa páxina web en canto a mesma sexa creada.

TÍTULO IV DOS ÓRGANOS DA FUNDACIÓN

Artigo 10.-Relación dos órganos da Fundación

- 1.- O órgano de goberno da Fundación será o Padroado.
- 2.- Xerencia.
- 3.- Consello Asesor.

Sección 1ª.-Do Padroado

Artigo 11.-Natureza

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

Artigo 12.-Facultades do Padroado

1.-Corresponde ao Padroado o goberno e administración da Fundación, así como a modificación e interpretación dos presentes estatutos nos termos establecidos na lexislación vixente, respectando sempre a vontade dos fundadores.

2.-Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao protectorado, a título meramente enunciativo, serán facultades do Padroado:

- a) Exercer o goberno, representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.



b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, se é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.

c) Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da Fundación.

d) Aprobar o plan xeral de actuación, a memoria de actuación, así como os orzamentos e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.

e) Nomear e cesar a persoa responsable da Xerencia, por proposta da Presidencia do Padroado.

f) Delegar as súas facultades nalgún dos seus membros, sen que poidan ser obxecto de delegación:

- A aprobación das contas anuais e da memoria de actuación.
- A formulación do plan xeral de actuación e dos orzamentos.
- A modificación dos Estatutos.
- Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.
- A adopción de acordos sobre a transformación, fusión, extinción e liquidación da Fundación nos casos previstos na lexislación vixente.

g) En xeral, cantas outras funcións deba desenvolver para a administración e goberno da Fundación.

3.-O Padroado poderá nomear apoderados xerais e/ou especiais e outorgar poderes, así como proceder á revogación dos mesmos.

Artigo 13.-Obrigas do Padroado

1.-Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.

2.-Corresponde ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

3.-O Padroado dará información suficiente dos fins e actividades da Fundación para seren coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.



AU4040298

08/2011

Artigo 14.-Composición

1.-O padroado quedará composto por un mínimo de tres persoas e un máximo de trinta e un membros. Os patróns fundadores serán membros natos.

2.-O Pleno do Padroado estará integrado, polo menos, polos patróns que exerzan as funcións de Presidencia, Vicepresidencia e Secretaría. As vogalías, até atinxir o máximo de trinta e un membros do Padroado, poderán cubrirse, a proposta de todos os membros natos, por acordo maioritario das tres quintas partes do padroado, a entre persoas físicas ou xurídicas de recoñecido prestixio no ámbito de traballo da Fundación. No suposto de desaparición dos membros natos a proposta será efectuada por maioría simple do Padroado.

3.- Os patrón que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente, mais poderá actuar no seu nome e representación outro patrón por el designado.

As persoas xurídicas poderán formar parte do padroado e deberán designar a persoa física que as represente.

4.-No caso de quedaren vacantes a Presidencia, a Vicepresidencia e/ou a Secretaría do Pleno, o padroado designará de entre os seus membros os substitutos nos cargos, debendo adoptarse o acordo por maioría de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña a maioría absoluta dos seus membros.

5.-Poderá participar nas sesións do Padroado, previa invitación da Presidencia, con voz pero sen voto, o/a xerente e calquera outra persoa física ou xurídica convidada.

6.- Os membros que integren o primeiro padroado serán designadas polos fundadores e constarán na escritura de constitución.

Artigo 15.- Designación dos patróns e duración do mandato de patrón

1.- A designación de novos membros farase polos patróns natos e serán nomeados por acordo maioritario das tres quintas partes do padroado.



2.- Os patróns desempeñarán as súas funcións durante dous anos, renovables por acordo expreso do Padroado. Esta regra non é de aplicación aos patróns fundadores, que son membros natos do Padroado.

O Padroado designará os novos patróns cun mes de antelación á expiración do seu mandato, agás que se acorde a renovación do patrón no cargo.

3.- No caso de cese ou renuncia da algún dos membros que compoñen o Padroado, corresponderá ao Padroado acordar se procede a súa substitución ou non, sempre que o Padroado manteña o número mínimo de membros establecidos no artigo 14.

Artigo 16.-Aceptación do cargo de patrón

1.-Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente ou en certificación do Padroado, coas sinaturas do secretario e do presidente, e comunicarse formalmente ao Protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2.-No caso de representantes de persoas xurídicas, deberán acreditar o nomeamento polo órgano correspondente das mesmas.

Artigo 17.-Cesamento dos patróns

1.-O cesamento dos patróns da Fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica.
- b) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación. A renuncia será efectiva desde que se lle notifique ao Padroado da Fundación.
- c) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- d) Por resolución xudicial.



AU4040297

08/2011

e) Polo transcurso do período do seu mandato, se foren nomeados por un determinado tempo.

2.-O cesamento dos patróns comunicarase formalmente ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 18.- Dereitos, obrigas e responsabilidades dos patróns

1.- Son dereitos dos membros do padroado: recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte, exercer o dereito de voto, así como obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

2.-Entre outras, son obrigas dos patróns facer que se cumpran os fins da Fundación, concorrer ás reunións a que sexan convocados, desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal, manter en bo estado de conservación e produción os bens e valores da Fundación, e cumprir nas súas actuacións o determinado nas disposicións legais vixentes e nos presentes estatutos.

3.-Os patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados negligentemente, na forma que en cada momento determine a lexislación vixente. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecía a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou , polo menos se opuxeron expresamente a aquel.

Artigo 19.- Carácter gratuito do cargo de patrón

1.-Os patróns exercerán o seu cargo sen que, en ningún caso, poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

2.-Os patróns terán dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.

3.-O Padroado poderá fixar unha retribución adecuada a aqueles patróns que presten á Fundación servizos distintos dos que implica o desempeño das funcións que lles corresponden como membros do Padroado, dando conta dos acordos ao protectorado no prazo máximo de un mes.



Artigo 20.-Patrons de honra

1.-O Padroado poderá designar membros de honra da Fundación aquelas persoas físicas ou xurídicas que contribúan dun xeito destacado á consecución dos obxectivos fundacionais. Estas persoas poderán ser convidadas e terán voz, pero non voto nin outra facultade, nas reunións do Padroado

2.-O Padroado poderá outorgar a Presidencia de Honra da Fundación a aquela persoa física que polas súas especiais circunstancias constitúa unha referencia institucional en relación co obxecto da Fundación.

3.-A persoa que ostente a Presidencia de Honra poderá presidir, a título honorífico, reunións do órgano de goberno da Fundación en datas sinaladas, ao obxecto de coñecer directamente as distintas actividades desenvolvidas pola Fundación.

Artigo 21.-A Presidencia

Á Presidencia correspóndelle exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocar as reunións do Padroado, presidilas, dirixir os seus debates e, se é o caso, executar os acordos, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

Artigo 22.-A Vicepresidencia

Corresponde á Vicepresidencia realizar as funcións da Presidencia nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.

Artigo 23.-A Secretaría

1.-Son funcións da Secretaría custodiar a documentación pertencente á Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e expedir as certificacións e informes que sexan necesarios. Tamén entra dentro da súa competencia efectuar a convocatoria das sesións do Padroado por orde



AU4040296

08/2011

da Presidencia, ben como as citacións dos seus membros, e velar pola legalidade dos acordos que adopte o Padroado.

2.-Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, as funcións da Secretaría serán asumidas polo vocal de menor idade do Padroado.

Artigo 24.- Reunións do Padroado.

O Padroado reunirase, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da fundación. Corresponde ao Presidente convocar as reunións, por propia iniciativa ou a petición das 2/3 partes dos membros do Padroado

A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, data e hora da reunión, cursarse por escrito e farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con cinco días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción.

Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes todos os patróns, acorden por unanimidade a celebración da reunión e a correspondente orde do día.

Artigo 25.- Formas de deliberar e adoptar acordos.

1.- O padroado entenderanse validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, polo menos a metade máis un dos seus membros.

2.- Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes, sendo dirimente en caso de empate o voto do Presidente. Non obstante requirirase o voto favorable das 2/3 partes dos asistente, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do Padroado, para aprobar acordos que se refiren á reforma ou modificación dos Estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión e á escisión da Fundación.

3.- Das reunións do Padroado levantarase acta polo Secretario, que deberá ser subscriba por todos os membros presentes e aprobada na mesma ou seguinte reunión. Unha vez aprobada transcribírase no correspondente libro de actas e será asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente.



SECCIÓN 2ª.- DOS OUTROS ÓRGANOS DA FUNDACIÓN

Artigo 26.-Xerencia

1.-O Padroado poderá encomendar o exercicio da xestión ordinaria ou administrativa das actividades da Fundación a unha xerencia ou cargo similar, que poderá ser desempeñada por unha persoa física ou xurídica con acreditada solvencia técnica ao respecto, e coa remuneración axeitada ás funcións desempeñadas. A xerencia non terá carácter de membro do Padroado, se ben poderá asistir ás súas reunións con voz e sen voto.

2.-Poderá corresponderlle á xerencia, nos termos e coa extensión que o Padroado decida, a realización das seguintes funcións:

- a) Executar e facer cumprir os acordos do presidente e do Padroado.
- b) Elaborar o proxecto de plan anual de actuación, xunto coa proposta de orzamentos.
- c) Exercer a xefatura ordinaria do persoal.
- d) Elaborar informes e realizar propostas de actuación á presidencia.
- e) Dirixir, xestionar e inspeccionar a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dos seus fins, consonte as directrices do presidente e do Padroado.
- f) Propor gastos e pagamentos e preparación de rendición de contas.
- g) Representar á Fundación, nos casos que lles sexa delegado, ante todo tipo de persoas físicas e persoas xurídicas privadas, así como diante de institucións públicas.
- h) Todas aquelas que, de maneira explícita, lle sexan atribuídas polo Padroado.

Artigo 27.-Consello Asesor

Para o mellor cumprimento dos fins sociais, o Padroado poderá nomear un Consello Asesor como mecanismo de participación nas tarefas da Fundación.



AU4040295

08/2011

A creación deste Consello será notificada ao Protectorado e ao Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

TÍTULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28.—Dotación fundacional

A dotación fundacional está integrada pola dotación inicial achegada polo fundador ou por terceiras persoas, polos bens ou dereitos de contido patrimonial que durante a existencia da Fundación acheguen en tal concepto o fundador ou terceiras persoas, e polos bens e dereitos que o Padroado afecte á dotación.

Artigo 29.—Patrimonio fundacional e adscrición a este

1.—O patrimonio da Fundación está integrado pola dotación fundacional e por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica. Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

2.—Queda facultado o Padroado para facer as variacións necesarias na composición do patrimonio da Fundación, de conformidade co que aconselle a conxuntura económica de cada momento e sen prexuízo de solicitar a debida autorización ou proceder á oportuna comunicación ao Protectorado.

3.—Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación perseque, aínda que non se afecten á dotación.

Artigo 30.—Financiamento

1.—Para o desenvolvemento das súas actividades, a Fundación financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se for o caso,



con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

2.-A Fundación poderá realizar actividades propias e actividades económicas. Enténdese por actividades propias as realizadas pola Fundación para o cumprimento dos seus fins, sen ánimo de lucro, con independencia de que a prestación ou servizo se outorgue de maneira gratuíta ou mediante contraprestación. As cantidades que poida percibir a Fundación do conxunto dos seus beneficiarios non poderán exceder o custo real do servizo ou da prestación de que se trate.

3.-A Fundación poderá, así mesmo, desenvolver actividades económicas cando realice a ordenación por conta propia de medios de produción e recursos humanos, ou de un de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos para obter lucro, cuxo obxecto estea relacionado cos fins fundacionais ou sexan complementarios ou accesorios deles, con sometemento ás normas reguladoras de defensa da competencia.

4.-Ademais, poderá intervir en calquera actividade económica mediante a participación en sociedades, conforme o previsto no artigo 33 da Lei 12/2006.

Artigo 31.-Réxime económico-financeiro

1.-Na xestión económico-financeira, a Fundación rexeráse de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

2.-A Fundación levará aqueles libros que sexan convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade. Será, en todo caso, necesario formular e levar os seguintes libros e documentación: Libro de actas, Libro diario e Contas Anuais, que comprenderá o balance de situación, a conta de resultados e a memoria.

Artigo 32.-Elaboración do Plan de actuación e presentación das contas anuais

1.-O Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un Plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e mais unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación. Este Plan de actuación



AU4040294

08/2011

deberáselle presentar ao Protectorado acompañado de certificación de aprobación por parte do Padroado da Fundación, que as depositará no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2.-O/A Presidente/a formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico, e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes á súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

3.-As contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, forman unha unidade e deben ser redactadas con claridade e mostrando unha imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación.

4.-A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da fundación e as variacións patrimoniais producidas. Ademais, incluírase na memoria as actividades fundacionais, os cambios no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grado de cumprimento do plan de actuación, diferenciando entre ingresos e gastos e indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que no seu caso se subscribiran con outras entidades para estes fins.

5.-Se a Fundación se encontra dentro dos requisitos legais establecidos, os documentos anteriores someteranse á auditoría externa, remitindo ó protectorado o informe da mesma xunto coas contas anuais.

6.-No caso de existir cambio na lexislación vixente en canto á esixencia doutros documentos ou no relativo aos prazos de presentación dos mesmos, o Padroado cumprirá, en todo momento, co que sexa de aplicación.

Artigo 33.- Exercicio económico.

O exercicio económico da fundación iníciase o 1 de xaneiro e remata o 31 de decembro.



TÍTULO VI

MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 34.–Modificación dos Estatutos

1.–Por acordo do Padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos na lexislación vixente. Tal modificación acometerase cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación teñan variado de maneira que esta non poda actuar satisfactoriamente de conformidade aos estatutos en vigor.

2.–Para a adopción de acordos de modificación, será necesario o voto favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado.

3.–A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo Padroado terá que ser aprobada polo protectorado e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 35.–Fusión con outra Fundación

1.–A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo de acordo dos respectivos Padroados.

2.–O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado. O acordo de fusión terá que ser comunicado ao protectorado con anterioridade ao outorgamento da escritura pública, que posteriormente se inscribirá no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 36.–Extinción da Fundación

A Fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

Artigo 37.–Liquidación e adxudicación



AU4040293

08/2011

1.-A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que será realizada polo Padroado baixo o control do protectorado.

2.-Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás Fundacións ou entidades non lucrativas públicas ou privadas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, mesmo para o suposto da súa disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, de acordo coa lexislación vixente, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral. Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

Primeira.- En todo caso, o previsto nos presentes estatutos non implica limitación ou substitución nas competencias que ao Protectorado atribúe a lexislación vixente, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións a que a Fundación expresamente se somete.

Segunda.- A lingua normal da Fundación será o idioma galego, agás naqueles usos documentais ou comunicativos que deban surtir efectos fóra de Galicia.